

# "Trazos nas Táboas" 2019



Escola  
Municipal  
de Teatro de Vigo

CONCELLO  
DE VIGO



Este evento consiste na representación ante o público de pezas breves de "Micro-teatro".

Esta actividade nace coa intención de incentivar, potenciar e promover a creatividade na nosa comunidade educativa. E tamén, dar a coñecer á cidade a existencia das actividades que desenvolve a

**Escola Municipal de Teatro de Vigo**

## Bases

1. Poderán participar tódolos alumnos do presente curso escolar e profesores pertenecentes á comunidade educativa da Escola Municipal de Teatro de Vigo que así o desexen.
2. Tanto a temática coma o xénero dramático serán de libre elección.
3. Os textos deberán ser orixinais e inéditos. Poderán ser versións ou adaptacións doutros xéneros literarios.
4. As historias deberán ser pechadas, coa estructura básica do drama: plantexamento, nó e desenlace. Non se aceptarán escenas illadas.
5. As obras deberán ser representadas en lingua galega.
6. A duración deberá oscilar entre un mínimo de trece minutos e un máximo de quince minutos.
7. Pódense presentar ata dúas propostas distintas.
8. Para a selección das pezas a representar as persoas interesadas deberán fazer unha mostra, con antelación, ante o claustro de profesores. A data límite para dita mostra será o **miércoles 3 de abril de 2019**. A hora de convocatoria será ás 17:00 e a mostra comezará ás 19:00 ata as 22:00.
9. A **representación** das obras seleccionadas terá lugar os días: **26, 27 e 28 de abril de 2019**, nas aulas 1, 2, 3 e 4 da Escola Municipal de Teatro de Vigo, simultáneamente.
10. A participación neste evento implica a aceptación destas bases.

*Os interesados deberán anotarse na secretaría da Escola Municipal de Teatro*